

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE SETEMBRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 22 de setembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11e)
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 9c e 10c)
D^a. Luz María Domínguez González, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 5a e 6a)ç
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 5b, 6b, 8, 9a, 9b, 10a, 10b11b e 11c)
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 9c e 10d)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía o 19 de setembro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 1 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 2 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros industriais e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Programa Next Generation UE, a enxeñeira industrial e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de setembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G das FEC do PCAP	Realización e entrega dunha memoria mensual
1	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	14%	si
2	SACAFERRO, S.L.	3%	si
3	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.	*	*

* O licitador propón un prezo total de 16.250,92 euros e non indica nada sobre o compromiso de realización e entrega da memoria mensual que conteña información sobre as incidencias ou calquera outra cuestión reseñable de interese para o Concello.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.029.079,70 €
2	UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL S.L.	1.080.863,41 €

Asisten á apertura D^a. Alejandra Anca Seoane, con DNI **.02.188-Y*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.13.54*, en representación da Federación Galega da Construción; e D Felipe Carrascosa Hernández, con DNI **.09.54*, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 2 de setembro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NAROM, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, na que manifesta "que unha vez analizada a oferta, a empresa NAROM, SL decide non presentar a xustificación de baixa solicitada" e se deu traslado ao servizo xestor.

O 13 e 14 de setembro de 2022 a enxeñeira industrial e o técnico de Administración Xeral da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

Ao abeiro do disposto no artigo 62.2. do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro ("a falta de contestación á solicitude de información á que se refire o artigo 83.3 da Lei, ou o recoñecemento por parte do licitador de que a súa proposición adoece de erro, ou inconsistencia que a fagan inviable, terán a consideración de retirada inxustificada da proposición"), a Mesa entende retirada inxustificadamente a oferta presentada por NAROM, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 3 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 19 de setembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 13 de setembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio o 19 de setembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 21 de setembro. A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo informe coa observación de que nos lotes 1 e 2 ao haber un único licitador debe outorgárselle a máxima puntuación (cláusula 16.3 do PCAP) polo que a puntuación da proposición avaliábeis mediante fórmula de EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. no lote 1 deberían ser 55 puntos, en lugar de 53, e a puntuación total de 69,50 puntos en lugar de 67,50 puntos.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que na sesión do 9 de setembro de 2022 acordou, con carácter previo a aceptación do informe de valoración do sobre B, conceder un prazo de tres días a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 4 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA para que puidese acreditar estar inscrito no rexistro oficial da correspondente Comunidade Autónoma ou achegar a correspondente solicitude de inscrición con carácter previo ao fin de prazo de presentación das ofertas, de conformidade coa cláusula 8.2 do PCAP e o artigo 159.4a) da LCSP.

Durante o prazo concedido o licitador presentou certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Entrégase, a continuación, o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director do Museo Municipal "Quiñones de León" o 7 de setembro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 polo que, ao abeiro do disposto no artigo 62.2. do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, entende retirada inxustificadamente a oferta presentada por NAROM, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	90,74
2	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	84,90
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	51,39
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U	37,16

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 5 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PROSEMA NOROESTE, S.L.	80,46

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L. (B-70.382.064), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de setembro de 2022, de SA GLOBAL CONCEPT no lote 3 por non axustarse ao recollido no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP.)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1: escenas figurativas de nadal vexetais e non vexetais

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	69,50 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Lote nº 2: instalacións decorativas lumínicas transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	99,00 puntos

Lote nº 3: instalacións lumínicas non transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	97,00 puntos
2	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	50,52 puntos

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) (B-15.520.935) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3) (A-14.041.362) para que presenten, no prazo de dez días hábile, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F das FEC do PCAP ("*documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas*").

* No caso de EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. ao ter presentado documentación no sobre A e en trámite de emenda, non é necesario que achegue a seguinte documentación: escritura de constitución, poder e DNI do apoderado, anexo V do PCAP e acreditación da habilitación profesional.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 7 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitador	Puntuación total
1	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA	99.00
2	MAPFRE	51.34

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W0069547H – VIES LU31093457), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 20.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida na cláusula 21.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida na cláusula 8.8.3º
3. Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 8.8.4º.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 5 de setembro de 2022 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, APDTIC PROFESIONALES, S.L., a resolución de clasificación e requirimento da documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o 16 de setembro de 2022, o licitador presentou documentación.

Unha vez revisada a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a APDTIC PROFESIONALES, S.L. para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica de conformidade coas esixencias da cláusula 8 do PCAP ao non poder comprobarse se nalgún dos últimos tres anos realizou servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato, ao ter presentado varios certificados de traballos similares realizados en períodos de 2 anos nos que non se indica o importe executado en cada ano.

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 8 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 125.165,15 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.609.00.64 "Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón", provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 – Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	721.189,69 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 9 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,07
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,72
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A	87,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 10 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 e 29 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441) or un prezo total de 720.180,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 124.989,92 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 11 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de marzo de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.173.440,49 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 203.654,96 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190000 "HUMANIZACIÓN CASTELAO", segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	670.000,00 €
2023	503.440,49 €
TOTAL	1.173.440,49 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 75,14%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,77
2º	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	93,73
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	85,70
4º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,53
5º	ORECO BALGON, S.A.	84,69
6º	NAROM, S.L.	84,33
7º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	83,94

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Trátase dunha obra cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 9 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 3 e 26 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441) por un prezo total de 1.039.081,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 180.336,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha obra cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat".

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 e 6)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3 e 6 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 14 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Lémbrese que en cumprimento do acordo da Mesa de data 12 de setembro de 2022 concedeuse un prazo de 3 días aos licitadores clasificados nos referidos lotes, ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), para que puidesen emendar a documentación presentada para a adxudicación do contrato. Durante o prazo concedido os dous licitadores presentaron documentación.

Concretamente JASMINA HOGER ESTERHAZY achega certificado positivo da AEAT pero solicita unha ampliación do prazo concedido por mor de causas alleas a ela que requiren da emisión de certificados.

Unha vez revisada, a Mesa considera que a documentación presentada por ATELIER LIBROS, S.A.U. é correcta e acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de 2 días a JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6) para que poida acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP ("*Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*") e presentar certificado positivo de non ter débedas coa Seguridade Social (artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP).
- Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 1 e 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 15 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado nas datas 18, 20 e 23 de maio de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 19.610,00 euros, que inclúe un IVE (4%) de 754,23 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

	Ano 2022 (outubro a dec.) C/IVE	Ano 2022 sen IVE	Ano 2023 (xaneiro a dec.) C/IVE	Ano 2023 sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Asesoría Xurídica	300,00 €	288,46 €	2.200,00 €	2.115,38 €	9200 2200100 "Bases de datos, libros e outras publicacións"
Lote 2 Contratación	150,00 €	144,23 €	500,00 €	480,77 €	9206.220.0100 "Libros e outras subscricións"
Lote 3 EMAO	2.000,00 €	1.923,08 €	4.000,00 €	3.846,15 €	3261 2200100 "Publicacións e subscricións"
Lote 4 Igualdade	600,00 €	576,92 €	1.800,00 €	1.730,77 €	2311 2200100 "Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
Lote 5 Tesourería	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9340.2200100
Lote 6 Contabilidade	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9311.2200100
Lote 7 Policía Local	520,00 €	500,00 €	1.040,00 €	1.000,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 8 RRHH e Formación	1.100,00 €	1.057,69 €	3.000,00 €	2.884,62 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:





"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 3 e 6 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 – Asesoría Xurídica

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 2 - Contratación

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 3 - EMAO

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

- LOTE 6 - Contabilidade

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (42.210.919-P) (lotes 3 e 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
Dado que ATELIER LIBROS. S.A.U. xa acreditou correctamente a súa solvencia económica no sobre A non é necesario que volva a presentala. Respecto da solvencia técnica, indícase que deberá completarse segundo o previsto na cláusula 8.8.3º do PCAP ("Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Terceiro.- Na sesión do 11 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou:

"Declarar desertos os lotes 4, 5, 7 e 8 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) porque o único licitador presentado nestes lotes non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

Cuarto.- A resolución de clasificación foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3 e 6, ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), o día 12 de agosto de 2022, que presentan documentación dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación na sesión do 2 de setembro de 2022, a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días aos dous licitadores para poder emendala. Durante o prazo concedido presentaron documentación.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo correcta documentación de ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2), polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1 e 2 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATELIER LIBROS, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 18 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante no lote 2 é a formulada por ATELIER LIBROS, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 4 de agosto de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) coas seguintes condicións:

- Lote 1 Asesoría Xurídica:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 2.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96,15 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.*
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.*
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.*
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).*

- Lote 2 Servizo de Contratación:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.*
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.*
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.*
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 19 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

e) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) (lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que na sesión anterior, que tivo lugar o 15 de setembro, logo de revisada a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA para o lote 2, dado que presentou unha certificación da AEAT negativa na que se indica que a devandita licitadora non presentou as declaracións/liquidacións correspondentes ao ano 2020 xunto coa solicitude de certificado de non ter débedas do 12 de setembro de 2022 (último día do prazo), en base ao artigo 150.2 LCSP, acordouse solicitar a correspondente documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U.

Con data do 16 de setembro de 2022, VIGO POR LA DANZA presenta certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT de data 14 de setembro.

Tendo en conta o criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación requirida para a adxudicación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) a Mesa considera que tiña que ter concedido un prazo a VIGO POR LA DANZA para que puidese emendar a documentación presentada.

En base ao anterior e ao abeiro da resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP) acórdase, por unanimidade:

- Dado que a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA era susceptible de emenda e o licitador achegou o certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, sendo correcta a documentación presentada, propoñer ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do lote 2 que deseguido se transcribe, o que supón acordar a improcedencia de ter formulado o requirimento de documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U., debendo notificarlle este novo acordo para o seu coñecemento:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 20 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9215-335) (lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)
- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 21 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOTE	CLASIFICACIÓN	LICITADOR	Puntuación TOTAL
1	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	54,60
2	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	VIGO POR LA DANZA	44,50
	3º	BIGLAB, S.L.U	33
3	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	33
4	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BARAFUNDA, S.L.	58,53
5	1º	BARAFUNDA, S.L.	70,79
	2º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70

Segundo.- Requiritur aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), o día 29 de xullo de 2022, que presentan a documentación requirida os días 8 e 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- Na sesión do 19 de agosto de 2022 a Mesa concedeu un prazo aos dous licitadores clasificados en primeiro lugar para que puidesen emendar a documentación presentada.

Quinto.- O 26 de agosto de 2022 a Mesa entendeu que KOREMI REHABILITACIÓN, S.L non cumprimentou adecuadamente o requirimento formulado para os lotes 1, 2, 3 e 4 no prazo concedido e acordou solicitar a mesma documentación aos licitadores clasificados en segundo lugar nos referidos lotes (BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) - lotes 1 e 3-, VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) - lote 2- e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

Sexto.- A Xunta de Goberno local na sesión do 1 de setembro de 2022 acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 22 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27756402) o lote 5 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 26.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.620,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,51%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Sétimo.- Na sesión do 15 de setembro de 2022, a Mesa de Contratación, logo de revisada a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA para o lote 2, dado que presentou unha certificación da AEAT negativa na que se indica que a devandita licitadora non presentou as declaracións/liquidacións correspondentes ao ano 2020 xunto coa solicitude de certificado de non ter débedas do 12 de setembro de 2022 (último día do prazo), en base ao artigo 150.2 LCSP, acordou solicitar a correspondente documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U.

Na mesma sesión acordouse formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

"Primeiro.- Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404)

- O lote 1 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 29.040,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.040,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 3 %.
- O lote 3 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 21.780 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.780,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 0 %.

Segundo.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402)

- O lote 4 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 27.830,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4830,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,61 %".

Oitavo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de setembro de 2022, ao abeiro da resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP), acordou, por unanimidade, considerar correcta a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA, ao ser susceptible de emenda e ter emendado o licitador a documentación esixida, e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 2 a este licitador, o que supón acordar a improcedencia de ter formulado o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 23 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

requirimento de documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar no lote 2, VIGO POR LA DANZA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VIGO POR LA DANZA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 18 de xullo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 14.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.520,00 euros, e cunha porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario previsto na cláusula 5 do PCAP do 1%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 24 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:02	Páxina 25 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AH49-582C2D-3FBEA8-D36HLZ-AKV3X5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		